

Resolución do 18 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca a selección de centros docentes públicos de educación infantil, primaria, secundaria, educación especial e formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para incorporarse ao programa Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, para o curso 2022/23.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (modificada pola Lei Orgánica, 3/2020, do 29 de decembro) establece que o sistema educativo español se inspira na educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social (artigo 1), incluíndo a educación emocional e en valores en todas as etapas educativas.

No que respecta a Galicia, o Decreto 86/2015, do 8 de xaneiro (polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar) establece no seu artigo 23 que a consellería potenciará a realización de proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa mellora da convivencia escolar (punto 1) e promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan o fomento dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos (punto 2).

Neste marco, *Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade* é un programa educativo que se desenvolve en convenio de colaboración coa Fundación Botín, para, ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellora da convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa durante tres cursos, co fin de que os centros e os seus docentes implementen o programa formando parte da rede de Centros Educación Responsable da Comunidade Autónoma Galega, recibindo formación, recursos educativos e seguimento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Fundación Botín.

Tendo en conta os seus obxectivos, este programa ten relación co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica e coa Estratexia Educación Dixital (ambas as dúas, iniciativas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), posto que inflúen na disposición dos espazos das escolas, propiciando ambientes confortables e inclusivos para o alumnado; así como emprega ferramentas dixitais cuxo uso fomenta a competencia dixital nos procesos de ensino-aprendizaxe relacionados coa igualdade, a convivencia e a inclusión.

O programa foi implantado como experiencia piloto nos cursos 2014/15 e 2015/16 en 14 centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Tras a obtención de resultados positivos, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considerou conveniente implantar e desenvolver este programa noutros centros docentes dependentes desta Consellería;



razón pola cal, desde o curso 2016/17, comezou a súa instauración noutros centros a través de convocatoria pública.

Tendo en conta o recollido nos parágrafos anteriores, e co fin de convocar aos centros a participar no programa *“Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”* e de acordo co anteriormente exposto”,

RESOLVO

Primeira.- Obxecto desta convocatoria

Convocar e establecer as bases para a o procedemento de selección dun máximo de **15 centros** docentes públicos que desexen participar no programa *“Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”* (en diante programa Educación Responsable) ao longo de tres cursos académicos consecutivos.

Segunda.- Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de Galicia que impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO), educación especial e formación profesional básica (FP básica).

Terceira.- Obxectivos

1. Coñecer, aplicar e integrar o programa Educación Responsable no centro educativo para promover o desenvolvemento saudable do alumnado, a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias.
2. Coñecer e comprender o que é a educación emocional, social e creativa.
3. Utilizar a propia competencia emocional, social e creativa para acadar un maior benestar persoal, social e laboral.
4. Incorporar na práctica educativa o desenvolvemento das competencias emocionais, sociais e creativas no alumnado.
5. Contribuír á mellora do clima de convivencia no centro educativo e ao éxito escolar do seu alumnado.

Cuarta.- Planificación e desenvolvemento

O programa Educación Responsable desenvolverá as súas actividades ao longo dos cursos académicos 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025 entre os meses de setembro e xuño de cada curso escolar.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a través dos centros da Rede de Formación do Profesorado e da asesoría de Programas Educativos dos Servizos Centrais, ofrecerá o



apoio técnico e o asesoramento necesarios para o seu desenvolvemento ao longo dos tres cursos académicos.

Quinta.- Compromisos dos centros

A participación no Programa de Educación Responsable implica:

1. Participar na convocatoria de Contratos-programa Inclúe (CPIclúe), na actuación 5, vencellada á educación emocional (liña 5, *Emoción-t*).
2. Realizar un curso de 10 horas de formación presencial vencellado ao Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) que o centro do itinerario formativo a este programa desenvolva por curso escolar, ao que se aconsella a asistencia de todo o claustro. Cada curso abordará unha das liñas de desenvolvemento que abarca o programa: afectivo (ano I), social (ano II) e creatividade (ano III). Esta formación ten como finalidade capacitar ao profesorado no uso de ferramentas e técnicas para o seu traballo na aula. As persoas responsables dos recursos do programa comprométense a colaborar e apoiar a formación do resto do profesorado do centro.

Cara a organización de ditas formacións, terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se poidan dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) que permitirán organizalo e desenvolvelo, adaptándoo a cada escenario.

3. O compromiso do desenvolvemento secuencial das actuacións marcadas no seguinte itinerario:

Fase I inicial e de crecemento (curso 2022-23)

O obxecto da primeira fase é que o profesorado que compón o Equipo de Educación Responsable coñeza as ferramentas didácticas propias da educación emocional e aplique as actividades do programa

Ao longo do primeiro curso, os centros docentes participantes comprométense a cumprir as seguintes accións:

1. Incluír obxectivos e actividades propios do programa na Programación Xeral Anual do centro. Ademais, recoméndase que se incorporen ao Plan de Acción Titorial as dinámicas a desenvolver.
2. Constituír o Equipo de Educación Responsable, formado polo profesorado que se sinala na base sétima desta convocatoria.
3. Participar nas formacións inicial (para a persoa coordinadora) e complementarias (para as persoas responsables dos recursos).
4. Completar a formación en liña do Equipo de Educación Responsable de cada centro docente a través da plataforma da Fundación Botín. A formación desenvolverase de forma paralela á



aplicación do programa, é un requisito indispensable para a continuidade do centro docente nas seguintes fases e distribúese como segue:

- a) Banco de Ferramentas: 30 horas, distribuídas de forma trimestral ao longo de todo o curso.
 - b) Recursos de Música (Coro das emocións), Arte (ReflexArte), Lectura e emocións (en adiante, LEE), Literatura, emocións e creatividade (en adiante, LEC), coa nova incorporación do recurso do ámbito da educación dixital *Playing Emotions*: 10 horas cada un deles, que se realizarán na avaliación que corresponda.
5. Participar nas reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable. Levaranse a cabo tres, presenciais ou en liña, cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
 6. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación do programa nas aulas.
 7. Participar nas actividades de avaliación do programa que a tal efecto se deseñen.

Fase II de expansión (curso 2023-24)

Na segunda fase, o profesorado do Equipo de Educación Responsable formará ao resto do profesorado do centro, co obxecto de coñecer as ferramentas didácticas propias da educación emocional e aplicar as actividades do programa.

Ao longo deste segundo curso, os centros participantes comprométense a cumprir as seguintes accións:

1. Asumir este programa como unha liña prioritaria dentro do Proxecto Educativo (PE), sendo necesaria a participación dun maior número de integrantes do Claustro. Paulatinamente irase integrando nos distintos niveis de concreción curricular. Paralelamente incluírase no Plan de Orientación Educativa e Plan Xeral de Atención á Diversidade.
2. Incluír obxectivos e actividades propios do programa na Programación Xeral Anual do centro, así como recoméndase que se incorporen ao Plan de Acción Titorial as dinámicas a desenvolver.
3. Participar nas formacións complementarias dos distintos recursos que se poidan organizar ao longo do curso, se é o caso.
4. Participar nas reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
5. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación do programa nas aulas.



6. Participar nas actividades de avaliación do programa que a tal efecto se deseñen.

Fase III de consolidación (curso 2024-25)

O obxectivo desta fase é que o centro docente utilice de forma autónoma as metodoloxías, técnicas e actividades e sexa quen de elaborar outras novas, incluíndo obxectivos propios do crecemento emocional, social e creativo do alumnado no PE.

Ao longo do terceiro curso, os centros docentes participantes comprométense a cumprir as seguintes accións:

1. Incluír obxectivos e actividades propios do programa na Programación Xeral Anual do centro e no Plan de Acción Titorial as dinámicas a desenvolver.
2. A maioría dos docentes do centro incorporarán nas súas programacións de aula actividades do programa de Educación Responsable.
3. Aplicar a totalidade dos recursos do programa coa maior parte do alumnado.
4. Participar nas formacións complementarias dos distintos recursos que se poidan organizar ao longo do curso, se é o caso.
5. Participar nas reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
6. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación do programa nas aulas.
7. Participar nas actividades de avaliación do proxecto que a tal efecto se deseñen.

Os centros que cumpran estes obxectivos serán acreditados e pasarán a formar parte da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable como Centros Graduados.

Centros graduados

1. Os centros graduados constituirán un referente para os centros de ano I, II e III de desenvolvemento obrigatorio do programa, aconsellándolles no proceso de desenvolvemento do mesmo sempre que fose necesario.
2. Os centros graduados que sigan formando parte da Rede de Centros de Educación Responsable poderán realizar un PFPP sobre temáticas transversais vencelladas á Educación Emocional, con actividades de reciclaxe e/ou de actualización nos distintos recursos do programa, así como ser referente para outros centros a través da difusión das súas boas prácticas.



3. Participar nas reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
4. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación do programa nas aulas, así como en iniciativas organizadas para a continuación do traballo no programa unha vez rematados os anos obrigatorios de permanencia, intercambiando diferentes puntos de vista e melloras que poidan aportarse.

Sexta.- Compromisos de participación do profesorado

Para a adecuada posta en práctica e dinamización do programa é necesaria a implicación e participación do profesorado, que buscará a integración progresiva do resto da comunidade educativa nel.

1. Equipo pertencente ao programa:

En función da etapa educativa, o equipo do programa Educación Responsable estará composto do seguinte xeito:

1.1. Profesorado de centros de educación infantil, primaria e educación especial:

a. Unha persoa que leve a cabo a función de **coordinadora**, con destino definitivo e, preferiblemente, con formación no ámbito de desenvolvemento da educación emocional. Dita función será compartida cun integrante do equipo directivo do centro, que tamén debe aparecer inscrito no programa.

A función de coordinación **non** será compatible coa función de responsable dalgún dos recursos, agás en casos excepcionais.

b. Tres docentes da etapa de educación infantil con destino definitivo que, segundo as súas funcións, distribúense como segue:

b.1. Unha persoa titora dun grupo de Educación Infantil será a responsable do Banco de Ferramentas deste nivel.

b.2. Unha persoa, titora dun grupo de Educación Infantil ou especialista de Música, exercerá de responsable do recurso Coro de emocións.

b.3. Unha persoa titora dun grupo será responsable do recurso Lectura e emocións (LEE).

c. Cinco docentes da etapa educación primaria con destino definitivo que, segundo as súas funcións, distribúense como segue:

c.1. Dous docentes titores/as de Educación Primaria para ser responsables do recurso Banco de Ferramentas: un/unha de 1º, 2º ou 3º e outro/a de 4º, 5º ou 6º.



c.2. Dous docentes de Educación Primaria, que poden ser titores/as ou especialistas, para ser responsables dos recursos de ReflexArte e Literatura, emocións e creatividade (LEC), respectivamente.

c.3. Un/a docente especialista na área de Música que será responsable do recurso Coro das emocións.

d. A composición do Equipo de Educación Responsable nos centros de Educación Especial adaptarase as súas peculiaridades.

1.2. Profesorado de centros que imparten educación secundaria obrigatoria ESO e FP Básica:

a. Unha persoa que leve a cabo a **función de coordinadora**, con destino definitivo e, preferiblemente, con formación no ámbito de desenvolvemento da educación emocional. Dita función será compartida cun integrante do equipo directivo do centro, que tamén debe aparecer inscrito no programa.

A función de coordinación **non** será compatible coa función de responsable dalgún dos recursos, agás en casos excepcionais.

b. Un mínimo de tres e un máximo de cinco docentes da ESO ou FP Básica con destino definitivo no centro que, segundo as súas funcións, distribúense como segue:

b.1 Dous docentes titores/as, un/unha de 1º, 2º ESO ou FP Básica e outro/a de 3º ou 4º, para ser responsables do recurso Banco de Ferramentas.

b.2 Un/unha docente que imparta unha materia do ámbito lingüístico na ESO e na FP Básica, que será responsable do recurso Literatura, emocións e creatividade (LEC).

b.3 Un/unha docente que imparta a materia de Educación Plástica e Audiovisual na ESO, para exercer de responsable do recurso ReflexArte.

b.4 Un/unha docente especialista na materia de Música, para ser responsable recurso Coro das emocións.

b.5 Un/ha docente con coñecemento das TIC para ser responsable do recurso *Playing Emotions*.

1.3. Equipo directivo:

Nos centros educativos que desenvolvan o programa Educación Responsable haberá unha persoa do equipo directivo, cuxo papel será o de apoiar e dinamizar o programa nos centros, velando polo bo funcionamento e continuidade das accións que a súa posta en marcha conleva.

2. Formación:

2.1. Durante o primeiro curso de posta en práctica do programa, o equipo indicado no apartado anterior recibirá a seguinte formación, que poderá desenvolverse de xeito presencial ou virtual:



Educación Infantil e Educación Primaria
Curso de formación inicial para persoas coordinadoras.
Formación Complementaria Banco de Ferramentas (Infantil e Primaria).
Formación Complementaria ReflexArte.
Formación Complementaria Coro das emocións
Formación Complementaria Lectura e emocións (LEE).
Formación Complementaria Literatura, emocións e creatividade (LEC).

Educación Secundaria e FP Básica
Curso de formación inicial para persoas coordinadoras.
Formación Complementaria Banco de Ferramentas.
Formación Complementaria ReflexArte.
Formación Complementaria Coro das emocións
Formación Complementaria Literatura, emocións e creatividade (LEC).
Formación Complementaria <i>Playing Emotions</i> .

2.2. Nos centros de Educación Especial, as formacións adaptaranse aos equipos creados segundo as súas necesidades.

2.3. Esta Consellería dará apoio aos centros docentes que desenvolvan este programa a través de formación específica ao equipo directivo, para garantir o seu funcionamento e continuidade nel.

Sétima.- Funcións da persoa coordinadora

Estas funcións asumiranse ao longo dos tres cursos de duración do programa e suporán:

- Asistir ás sesións da formación inicial no ano I (fase de implementación).
- Asistir ás tres reunións da rede de Centros de Educación Responsable que terán lugar entre setembro e xuño de cada curso. O calendario destas xuntanzas concretarase con suficiente antelación.
- Promover e dinamizar a realización das actividades planificadas no seo deste programa, tanto formativas do profesorado como de aplicación directa na aula.
- Coordinar a formación presencial no centro e promover a participación nela do maior número posible de docentes do centro.
- Actuar como interlocutor/a entre a asesoría de Programas Educativos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os centros da Rede de



Formación e o profesorado do centro, asegurando a adecuada transmisión de información en todo o referente ao desenvolvemento e seguimento do programa.

- f) Ao inicio de cada fase, realizar as inscricións do profesorado participante a través da plataforma do Programa Educación Responsable da Fundación Botín.
- g) Comunicar por correo electrónico os datos do/a docente (nome, apelidos e DNI) que causara baixa unha vez iniciada a posta en práctica do programa, indicando a data na que se produce e o recurso no que dito/a docente está inscrito/a.
- h) Reunirse coas persoas asesoras da Rede de Formación do Profesorado para realizar o seguimento cando sexa necesario.
- i) Coordinar a elaboración das memorias finais de cada curso.

Oitava.- Solicitude, presentación e prazo

A solicitude de participación será realizada pola dirección do centro, segundo os documentos anexos a esta convocatoria.

A **solicitude** (anexo I) deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- **Certificación da valoración** por parte do Claustro da participación no programa Educación Responsable (anexo II).
- **Certificación de que o Consello Escolar** foi informado da participación no devandito programa (anexo III).
- **Certificación de aprobación** da dirección do centro no que se contempla o compromiso de desenvolvemento dos itinerarios establecidos na presente convocatoria (anexo IV).
- **Documento de motivación** para participar nesta convocatoria. Nel, poñerase de manifesto a adecuada disposición e o compromiso para implementar o programa ao longo dos tres cursos de duración, incluíranse os obxectivos que o centro pretende acadar coa súa participación neste proxecto, darase conta da súa coherencia co PE e farase unha relación das iniciativas relacionadas coa educación emocional que o centro estime conveniente para a súa selección (máximo 5 páxinas, con formato Arial, tamaño 12 e interliñado 1,5; aproximadamente 9000 caracteres).

As solicitudes dirixíranse ao Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional e presentáranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). A solicitude deberá identificarse coa denominación "Educación Responsable" e, xunto con ela, achegarase os anexos asinados e selados.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

O prazo para a presentación de solicitudes **será de quince días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Novena.- Comisión de valoración

Para o estudo das solicitudes presentadas constituirase unha comisión de valoración integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da subdirección xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos.
- A persoa titular da xefatura de servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia.
- Unha persoa coordinadora do Programa de Educación Responsable na Comunidade Autónoma Galega.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Décima.- Selección

A comisión de selección realizará unha escolla dos centros solicitantes conforme aos criterios que figuran no documento anexo no apartado de baremación e autobaremación.

A comisión poderá requirir cantos informes técnicos sexan precisos para un mellor fundamento da valoración.

En caso de empate, terá preferencia o centro que teña maior puntuación no criterio 5 do apartado de autobaremación do documento anexo.

O desenvolvemento do programa nos centros seleccionados para a formación do profesorado será articulada a través de distintas modalidades formativas xestionadas pola estrutura de Formación do Profesorado.

Décimo primeira.- Resolución provisional

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisional no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
2. Abrirase un prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación, para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.

Décimo segunda. - Resolución definitiva



1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.
2. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo
3. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo terceira.- Certificación

1. **O primeiro ano** de posta en práctica do programa no centro, a certificación do profesorado participante será:

A) Para as persoas coordinadoras:

- Xornadas de formación inicial e dinamización para persoas coordinadoras (datas pendente de sinalar pola administración educativa).
- As establecidas para o desenvolvemento do itinerario do PFPP de centro:
 - a) Por coordinación do itinerario formativo, certificarase como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado.
 - b) Por asistencia ás actividades formativas do itinerario, máximo 30 horas de formación permanente do profesorado.

B) Para o profesorado responsable dos recursos:

- Por formación específica dos recursos:
 - a) Xornadas de formación complementaria (datas pendente de sinalar pola administración educativa).
 - b) Para os/as docentes responsables do recurso que realicen as actividades en liña da Fundación Botín sobre o recurso Banco de Ferramentas, certificarase como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado.



- c) Para os/as docentes responsables dos recursos de Arte (ReflexArte); Música (Coro das Emocións); ámbito dixital (*Playing Emotions*); Lectura e Emocións de Educación Infantil (LEE) e Literatura de Educación Primaria e Secundaria e FP Básica (LEC), certificarase como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 10 horas de formación permanente do profesorado.
- As establecidas para o desenvolvemento do itinerario do PFPP de centro:
 - a) Por asistencia ás actividades formativas do itinerario, máximo 30 horas.

C) Ao profesorado pertencente ao Claustro se lle certificará a asistencia ao curso sobre o desenvolvemento afectivo, independentemente da súa participación ou non na totalidade do PFPP.

D) En caso de que un/unha docente participe no programa con varios roles, recibirá unha única certificación como actividade de innovación educativa cunha equivalencia en horas de formación permanente do profesorado, prevalecendo a certificación que conte co maior número de horas recoñecidas.

2. **No segundo e no terceiro ano**, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación do profesorado do centro directamente implicado no programa Educación Responsable como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva da memoria e á participación activa nas accións desenvolvidas.

Así mesmo, ao profesorado pertencente ao Claustro certificaráselle a asistencia ao curso sobre o desenvolvemento social e creativo (ano II e ano III, respectivamente), independentemente da súa participación ou non na totalidade do PFPP.

Décimo cuarta.- Compromisos dos centros participantes

A participación nesta convocatoria implica a aceptación do regulado nesta Resolución, así como o compromiso de participación e difusión nas accións de transferencias das prácticas educativas vencelladas a este programa que se organicen por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Décimo quinta.- Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en



<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, a 18 de maio de 2022

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

